



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Curso de promoción, acollida e orientación de persoas voluntarias e de xestión de proxectos de acción voluntaria en entidades locais

**GRUPO:** Cursos Local

**ÁREA:** Réxime xurídico e xestión das entidades locais

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	ASISTENCIA	<b>PLAN:</b>	FONDOS EGAP	<b>HORAS:</b>	30
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AU LO	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2002
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	PRESENCIAL	<b>TIPOLOXÍA:</b>	XERAL	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**RESPONSABLE:** ANTELO ROMERO, MARÍA LORENA [maria.lorena.antelo.romero@xunta.gal]

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Proporcionarlles ós responsables de programas de voluntariado das entidades locais un modelo teórico e práctico de dirección e administración dos proxectos de acción voluntaria acordos co Plan de Voluntariado de Galicia 2002-2005. Facilita-la incorporación de habilidades e técnicas que permitan mellora-la acción voluntaria. Fomenta-lo coñecemento da realidade do sector de acción voluntaria galego para impulsar estratexias que faciliten o seu desenvolvemento dun xeito coordinado e aplicando a metodoloxía do traballo en redes.

### DESTINATARIOS

Persoal de Administración local que realice funcións relacionadas coa materia, especialmente responsables de programas de voluntariado das entidades locais integradas no Plan do Voluntariado de Galicia 2002-2005.

### PROGRAMA

1. Dimensión conceptual da acción voluntaria: 1.1. Marco social: movementos sociais, solidariedade, participación. Voluntariado: concepto, evolución, articulación. Dinámica social: enfoques sociopolíticos, políticas sociais, tendencias sociolóxicas. Exclusión social e poboación de risco. Necesidades e recursos sociais. O papel da acción voluntaria nos procesos de inclusión social. Itinerarios personalizados. A función do acompañamento social. Áreas de interese xeral obxecto de intervención das persoas voluntarias. 1.2. Marco normativo: normativa internacional e nacional. A Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia, e as normas de desenvolvemento. Dereitos e deberes das persoas voluntarias. O código ético do voluntariado. O recoñecemento das entidades de voluntariado. Rexistro de Entidades de Voluntariado de Galicia. Deberes das entidades de voluntariado coas persoas voluntarias: o seguro de accidentes e responsabilidade civil. O acordo de colaboración. A acreditación e certificación de servizos. 1.3. Marco organizativo: as administracións públicas. Funcións reguladora, promotora, intermediadora e xestora na acción voluntaria. Entes responsables, competencias, procedementos. A Administración local e a súa relación co terceiro sector: promoción de asociacionismo, propicia-la coordinación e traballo en rede. A función de xestión e control como aposta pola calidade e transparencia na xestión. Intermediación metodoloxía. O Plan de Voluntariado de Galicia 2002-2005: medidas e actuacións para operativiza-lo plan. 1.4. Terceiro sector ou sector non lucrativo: fundamentos: asociacionismo, características das ONL (organizacións non lucrativas), estrutura do sector non lucrativo (clasificación sectorial, niveis, etc.). Datos básicos (dimensión, importancia económica, emprego, etc.). Funcións das ONL: promoción, mediación, garantía, grupo de presión e prestación de servizos. Entidades de acción voluntaria: características diferenciais, presenza no terceiro sector, tipoloxía, papel do persoal voluntario, etc. Organización nas ONL: recursos (humanos, materiais, monetarios e metodolóxicos; resultados (servizos, produtos, etc.), proceso de transformación, estrutura organizativa, cultura organizativa, ciclo vital das ONL, etc. Lei orgánica de asociación. Proceso de constitución dunha asociación. Fiscalidade: código de identificación fiscal, impostos. Control e transparencia económica. Busca de financiamento. Calidade nas ONL. Cómo contribuír ó logro desde a función de inspección e control propia das entidades locais. 2. Dimensión de xestión da acción voluntaria: 1. Planificación: busca e análise de necesidades obxecto de intervención das persoas voluntarias. Definición e deseño de proxectos operativos de acción voluntaria dentro das entidades locais. Incorporación das persoas voluntarias como coordinadoras de

proyectos de acción voluntaria. 2. Acolida de persoas voluntarias. Acción: sensibilización e promoción do voluntariado. Proceso de incorporación, acordo de colaboración e acompañamento. Tarefas e responsabilidades, apoio no desempeño, seguimento. 3. Formación: cultura organizativa, ámbitos de actuación, habilidades e técnicas. 4. Acompañamento e avaliación do proceso: motivación, participación e recoñecemento; desempeño, organización, clima, participación. Dous talleres sobre identificación de necesidades obxecto de intervención dun proxecto de voluntariado. Proxecto de voluntariado aplicado á entidade local específica onde traballa cada membro do curso.

#### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Os criterios de selección suxeitaranse ás directrices sinaladas na Resolución do 27 de xuño de 1994, pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades da EGAP (DOG nº 149, do 3 de agosto).

### 3. DATOS EDICIÓNS

#### LO029KQ001OU

**LOCALIDADE:** OURENSE

**INICIO / FIN:** 02/12/2002 a 12/12/2002

**NUM. PRAZAS:** 11

**ESTADO:** NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

**DATA EXAME:**

#### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE